

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE REGULAR DE VIAXEIROS NA MODALIDADE DE CONCESIÓN NO CONCELLO DE LUGO

Sendo as 13:20 horas do día 9 de outubro de 2014, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma Sra. Rosana Rielo Rozas, Oitava Tenente de Alcalde en substitución da Concelleira delegada da área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, actuando como vocais, dona M^a Esther Muñoz Mella, polo Grupo Municipal do P.S de Galicia PSOE, don Ángel Trabada Gómez, polo Grupo Municipal do Partido Popular, dona Paz Abreira Sobrado polo Grupo Municipal do BNG, don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral do Concello, dona Ana I. Sáez Mancebo, pola Asesoría Xurídica e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, Xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello. Tamén asisten ao acto dona Carmen Carballedo Fernández e don Luis Suárez Llanos Castromil, en representación de AUTOBUSES UR BANOS DE LUGO S.A

Abre a sesión a sra Presidenta e procédese por parte do secretario da mesa a dar lectura a un informe do grupo técnico designada pola mesa de contratación no expediente da xestión do servizo público de transporte regular de viaxeiros do Concello de Lugo, no que poñen de manifesto que alo menos dúas cuestións relativas á memoria técnica das proposicións presentadas (Plan de renovación da flota e plan de mantemento), ao seu criterio, se debería contar co Parque Móbil municipal, por entender que é unha competencia propia desa dependencia. Por este motivo, deciden comunicar á mesa de contratación tal circunstancia, a fin de que se decida sobre a conveniencia e/ou oportunidade da inclusión no grupo técnico a algún persoal do Parque Móbil ou a solicitude de informe a esa dependencia sobre estes aspectos a avaliar.

Á vista do escrito anterior, e unha vez valorado entre os integrantes da mesa de contratación, acórdase por unanimidade incluír ao xefe do Parque Móbil municipal no grupo técnico encargado de levar a cabo a avaliación dos criterios non avaliados automaticamente no procedemento de contratación da xestión do servizo público de transporte regular de viaxeiros no Concello de Lugo.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:35 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA


Asdo. Rosana Rielo Rozas



O SECRETARIO


Asdo. Manuel Louzao Aldariz